

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 9 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

A Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos foi modificada parcialmente pola Orde do 10 de febreiro de 2012 e prevé no seu artigo 5.1 que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocará as citadas probas nunha ou máis convocatorias de forma ordinaria e, no número 2, que establecerá as datas de matrícula e realización, así como os centros en que se van realizar.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da orde de referencia,

RESOLVO:

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2018, con código de procedemento administrativo ED540A, conforme se dispón nas epígrafes seguintes:

Primeira. *Condicións das persoas aspirantes*

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Teren feitos os dezaoito anos o día anterior á data de realización da proba.
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.
3. Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2017/18 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.



4. O alumnado matriculado durante o curso 2017/18 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:

4.1. Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanza do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

4.2. Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

Segunda. Forma, lugar e prazos de presentación

1. Os prazos de matrícula serán:

– Convocatoria de maio: 12 ao 23 de marzo de 2018, ambos os dous incluídos.

– Convocatoria de setembro: 2 ao 9 de xullo de 2018, ambos os dous incluídos.

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

2. As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte papel nos centros educativos que se especifican no punto 3 ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado (código de procedemento ED540A) que figura como anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

3. As persoas aspirantes formalizarán a súa inscrición nun dos seguintes centros que constituirán tribunais para a avaliación das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria:

a) A Coruña:

– Centro EPA Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3, 2º andar, 15011 A Coruña.



b) Ferrol:

– Centro EPA Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns, s/n, 15406 Ferrol.

c) Santiago de Compostela:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Rosalía de Castro, rúa San Clemente, 3, 15705 Santiago de Compostela.

d) Carballo:

– IES Isidro Parga Pondal, rúa Muíño da Pintura, 15100 Carballo.

e) Lugo:

– Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa, s/n, 27003 Lugo.

f) Ourense:

– Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4, 32002 Ourense.

g) Pontevedra:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: centro EPA Río Lérez, avenida de Bos Aires 26, 36002 Pontevedra.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Frei Martín Sarmiento, avenida de Vigo, 23, 36003 Pontevedra.

h) Vigo:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8, 1º, 36202 Vigo.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Santa Irene, praza de América, 7, 36211 Vigo.



i) O Porriño:

– IES Ribeira do Louro, rúa Ribeira, s/n (Torneiros), 36410 O Porriño.

j) Tui:

– IES Indalecio Pérez Tizón, avenida da Concordia, s/n, 36700 Tui.

k) Vilagarcía de Arousa:

– IES Armando Cotarelo Valledor, rúa Armando Cotarelo Valledor, 4-6, 36611 Vilagarcía de Arousa.

4. Cando nos centros autorizados o número de persoas matriculadas exceda a capacidade dos espazos dispoñibles para realizar a proba, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda establecerá o centro ou centros en que os matriculados realizarán a proba.

5. No suposto anterior, o centro en que se formalice a matrícula elaborará listaxes definitivas de admitidos diferenciadas para cada centro en que deben presentarse para realizar as probas. As listaxes organizaranse seguindo criterios de orde alfabética, por grupos de letras.

6. Para a realización das probas, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá agrupar nun único tribunal os aspirantes inscritos en dous ou máis centros, en caso de que o seu número non xustifique a creación dun tribunal.

Terceira. *Documentación complementaria para a tramitación das solicitudes*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou a certificación académica de ámbitos ou materias superados, de acordo coas especificacións establecidas nos números 2, 3 e 4 da epígrafe décimo terceira desta resolución.

b) Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro no caso de que se solicite a exención de lingua galega.



c) Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarse presencialmente nos centros educativos sinalados no número 3 da epígrafe 2 desta resolución ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas.

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) Certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia, só no caso de solicitar adaptación da proba.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Quinta. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das



solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado, co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal

Sexta. Persoas con necesidades educativas especiais

1. As persoas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade que teñan a declaración legal de discapacidade poderán solicitar a adaptación da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

2. A xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que poderá delegar no presidente ou na presidenta do tribunal, determinará se procede adoptar medidas ou facilitar recursos adicionais, e informará a persoa interesada e o tribunal correspondente da súa decisión.

Sétima. Exención de lingua galega

1. Durante o período de inscrición, as persoas aspirantes poderán dirixir á dirección do centro a solicitude de exención de lingua galega para que non sexa obxecto de avaliación nesta convocatoria.

2. As persoas solicitantes de exención acreditarán a procedencia doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, segundo o establecido no artigo 18.1 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

3. O director ou a directora do centro onde presente a solicitude, de conformidade co artigo 19 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, resolverá sobre a concesión ou a denegación da exención, fará pública tal circunstancia cando se publiquen as listas provisionais de admitidos e comunicarllo ao presidente ou á presidenta do tribunal que corresponda.

4. Contra a resolución da dirección do centro cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Oitava. Listas de admitidos e reclamacións

1. No prazo dos quince días posteriores á conclusión do prazo de presentación de solicitudes, os centros publicarán a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, na cal se indicarán os motivos da exclusión. Tamén constarán as exencións da proba de lingua galega.

2. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles para a reclamación, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista de admitidos. Transcorrido ese prazo, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O día hábil seguinte ao da publicación da lista definitiva de persoas admitidas, os directores ou directoras dos centros en que se realizou a matrícula deberán comunicar o número de aspirantes que solicitan a realización da proba ao correo electrónico educadultos@edu.xunta.es, do Servizo de Xestión Económica e Educación de Persoas Adultas, pertencente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Tamén deberán comunicalo á respectiva xefatura territorial.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificacións electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesada avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo elec-



trónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. *Realización das probas*

1. As probas realizaranse en sesións de mañá e tarde os días 25 de maio e 7 de setembro para as respectivas convocatorias.

2. Entre as 8.30 e as 9.00 horas iniciarase o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba.

3. A sesión da mañá terá dúas partes: na primeira, das 9.30 ás 12.00 horas, realizarase a proba do ámbito científico-tecnolóxico, que inclúe exercicios das materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía, así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación Física.

Na segunda parte, das 12.15 ás 13.15 horas, realizarase a proba do ámbito social, que inclúe exercicios das materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual, e Música.



Na sesión da tarde, das 16.00 ás 19.00 horas, realizarase a proba do ámbito da comunicación. Comprenderá os exercicios de:

a) Lingua Galega e Literatura.

a.1) Exercicio de redacción. Na valoración da redacción terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.

a.2) Cuestións de Lingua Galega e Literatura.

b) Lingua Castelá e Literatura.

b.1) Exercicio de redacción. Realizarase conforme o disposto no punto a.1) para a Lingua Galega e Literatura.

b.2) Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira (inglés ou francés).

4. Seguindo as indicacións do equipo directivo dos centros onde se realizan as probas, o profesorado terá que colaborar nas tarefas de vixilancia dos exames.

Décimo primeira. *Normas de realización das probas*

1. Para a realización das probas, as persoas inscritas acreditarán a súa identidade presentando o DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.

2. Na proba do ámbito científico-tecnolóxico, o alumnado poderá utilizar as calculadoras científicas habituais non programables.

3. Non se permitirá o uso do teléfono móbil con calquera finalidade nin ningún outro dispositivo electrónico, agás o mencionado no punto anterior.

4. Os aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de respostas pechadas, trasladarán as opcións elixidas a unha folla de respostas. Entregarán esta xunto co protocolo de exame.

Décimo segunda. *Tribunais*

1. Cada tribunal estará constituído por un presidente ou presidenta e catro vogais, designados polo xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación



e Ordenación Universitaria. Na composición do tribunal garantirase que existan dous vogais que impartan docencia no ámbito de comunicación, un deles de idioma estranxeiro, e outros dous que impartan docencia nos ámbitos científico-tecnolóxico e social.

2. Os membros do tribunal poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións de avaliación consonte o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

3. O tribunal facilitará aos aspirantes con ámbitos superados unha certificación coas cualificacións obtidas ou de proposta para a expedición do título, utilizando o anexo III desta resolución, e cubrirá a ficha estatística, que se xunta como anexo IV, para enviala á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do próximo 10 de xullo, para a convocatoria de xuño, e antes do 30 de outubro, para a convocatoria de setembro.

4. Logo de rematado o proceso de avaliación, a presidencia do tribunal entregará na secretaría do centro as actas de avaliación e demais documentación relacionada coas probas para a súa tramitación e custodia. A partir dese momento, serán o director ou directora e o secretario ou secretaria do centro quen, á vista dos documentos custodiados, asinen todas as certificacións relacionadas coa realización das probas no ano 2018 e cos seus resultados.

Décimo terceira. Avaliación, validación de ámbitos e puntuación das probas

1. O profesorado que compoñe o tribunal realizará a avaliación das probas por ámbitos de coñecemento. Por iso, os dous vogais pertencentes ao ámbito de comunicación repartirán o número de exames de maneira equitativa.

2. As persoas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas no ámbito ou nos ámbitos superados nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

3. De acordo coas especificacións establecidas no anexo II, as persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos



superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

4. Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do anexo II, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, arredondada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

5. A cualificación de cada ámbito outorgarase consonte a seguinte escala:

| | |
|---|--|
| a) Ámbito científico-tecnolóxico. | Puntuación máxima: 55 puntos. |
| b) Ámbito social. | Puntuación máxima: 25 puntos. |
| c) Ámbito de comunicación. Lingua Galega e Literatura. Redacción. Cuestións de Lingua Galega e Literatura. Lingua Castelá e Literatura. Redacción. Cuestións de Lingua Castelá e Literatura. Lingua Estranxeira. | Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Puntuación máxima: 20 puntos. Total máxima puntuación: 100 puntos. |

6. Cualificación dos ámbitos:

a) Científico-tecnolóxico.

| Puntuación | Cualificación |
|-------------------|--------------------|
| 52 a 55 puntos | Sobresaliente (10) |
| 47 a 51,99 puntos | Sobresaliente (9) |
| 42 a 46,99 puntos | Notable (8) |
| 37 a 41,99 puntos | Notable (7) |
| 32 a 36,99 puntos | Ben (6) |
| 27 a 31,99 puntos | Suficiente (5) |
| Menos de 27: | |
| 21 a 26,99 puntos | Insuficiente (4) |
| 14 a 20,99 puntos | Insuficiente (3) |
| 7 a 13,99 puntos | Insuficiente (2) |
| 0 a 6,99 puntos | Insuficiente (1) |



b) Comunicación.

| Puntuación | Cualificación |
|---------------------|--------------------|
| 95 a 100 puntos | Sobresaliente (10) |
| 86 a 94,99 puntos | Sobresaliente (9) |
| 77 a 85,99 puntos | Notable (8) |
| 68 a 76,99 puntos | Notable (7) |
| 59 a 67,99 puntos | Ben (6) |
| 50 a 58,99 puntos | Suficiente (5) |
| Menos de 50: | |
| 37,5 a 49,99 puntos | Insuficiente (4) |
| 25 a 37,49 puntos | Insuficiente (3) |
| 12,5 a 24,99 puntos | Insuficiente (2) |
| 0 a 12,49 puntos | Insuficiente (1) |

c) Social.

| Puntuación | Cualificación |
|-------------------|--------------------|
| 23 a 25 puntos | Sobresaliente (10) |
| 21 a 22,99 puntos | Sobresaliente (9) |
| 19 a 20,99 puntos | Notable (8) |
| 17 a 18,99 puntos | Notable (7) |
| 15 a 16,99 puntos | Ben (6) |
| 12 a 14,99 puntos | Suficiente (5) |
| Menos de 12: | |
| 9 a 11,99 puntos | Insuficiente (4) |
| 6 a 8,99 puntos | Insuficiente (3) |
| 3 a 5,99 puntos | Insuficiente (2) |
| 0 a 2,99 puntos | Insuficiente (1) |

7. No caso das persoas exentas da proba de lingua galega, a puntuación máxima que se outorgará ao ámbito de comunicación será esta:

| | |
|---|------------------------------------|
| Lingua Castelá e Literatura. | Puntuación máxima: 20 puntos |
| Redacción. | Puntuación máxima: 20 puntos |
| Cuestións de Lingua Castelá e Literatura. | Puntuación máxima: 20 puntos |
| Lingua Estranxeira. | Total máxima puntuación: 60 puntos |



Cualificación do ámbito de comunicación para o alumnado exento de galego:

| Puntuación | Cualificación |
|---------------------|--------------------|
| 55 a 60 puntos | Sobresaliente (10) |
| 50 a 54,99 puntos | Sobresaliente (9) |
| 45 a 49,99 puntos | Notable (8) |
| 40 a 44,99 puntos | Notable (7) |
| 35 a 39,99 puntos | Ben (6) |
| 30 a 34,99 puntos | Suficiente (5) |
| Menos de 30: | |
| 22,5 a 29,99 puntos | Insuficiente (4) |
| 15 a 22,49 puntos | Insuficiente (3) |
| 7,5 a 14,99 puntos | Insuficiente (2) |
| 0 a 7,49 puntos | Insuficiente (1) |

8. Cualificación global da proba.

a) Os días 8 de xuño e 13 de setembro no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal> farase pública a listaxe de cualificacións provisionais de cada unha das convocatorias.

b) Contra a cualificación provisional poderase presentar reclamación ante a presidencia do tribunal no prazo de cinco días hábiles tras a publicación da listaxe provisional.

c) Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a listaxe de cualificacións, que será publicada os días 18 de xuño e 21 de setembro no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal>

d) Contra a listaxe definitiva da proba poderase interpor no prazo dun mes recurso de alzada ante o xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que esgotará a vía administrativa.

e) As persoas aspirantes que superen os tres ámbitos da proba serán propostas polo centro para a expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, a través da aplicación de xestión administrativa de centros (XADE).

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO INSCRICIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS MAIORES DE DEZAOTO ANOS | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED540A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

 CONVOCATORIA DO MES DE MAIO SETEMBRO

| | | | | | | | |
|------------------------------------|------------------|-------------------|---|--------------------|-------|--|--|
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE | | | | | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | | | | |
| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA | | |
| PARROQUIA | | LUGAR | | | | | |
| CP | PROVINCIA | CONCELLO | | LOCALIDADE | | | |
| TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | DATA DE NACEMENTO | SEXO | CORREO ELECTRÓNICO | | | |
| | | | <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER | | | | |

| | | | |
|--|------------------|-----------------|-----|
| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |

| | | | | | | | |
|---|--------------------|----------|--------|------------|-------|--|--|
| DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | | | | | | | |
| Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante | | | | | | | |
| Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir: | | | | | | | |
| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO | | | | | | |
| ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE | | | | | | | |
| As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente. | | | | | | | |
| <input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. | | | | | | | |
| <input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente) | | | | | | | |
| As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria. | | | | | | | |
| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA | | |
| PARROQUIA | LUGAR | | | | | | |
| CP | PROVINCIA | CONCELLO | | LOCALIDADE | | | |

| | |
|-----------------------------------|-------------------------------|
| LINGUA ESTRANXEIRA ELIXIDA | |
| <input type="radio"/> INGLÉS | <input type="radio"/> FRANCÉS |

| | | |
|--|---|--|
| EXENCIÓN DE ÁMBITOS DA PROBA | | |
| Solicita a exención da parte / ámbito da proba (marcar cun x o que proceda): | | |
| <input type="checkbox"/> PARTE 1ª: ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO | <input type="checkbox"/> PARTE 2ª: ÁMBITO DE COMUNICACIÓN | <input type="checkbox"/> PARTE 3ª: ÁMBITO SOCIAL |

| | |
|--|---------------------------|
| EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA | |
| Solicita a exención de lingua galega por proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro, nos termos establecidos polo artigo 18.1 do Decreto 79/2010, de 20 de maio (marcar cun x o que proceda): | |
| <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

RECOÑECEMENTO DE NECESIDADES ESPECIAIS

Presenta discapacidade que necesita adaptación para a realización das probas: SI NON

Especificar discapacidade e adaptación necesaria:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou certificación académica de ámbitos ou materias aprobados.
- Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro.
- Certificación do ditame de discapacidade, cando este fose emitido por unha Administración distinta da Xunta de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

| | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa solicitante | <input type="checkbox"/> |
| MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN | |
| <input type="checkbox"/> Certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia, só no caso de solicitar adaptación da proba | <input type="checkbox"/> |

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado, co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 19 de febreiro de 2009, modificada parcialmente pola Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoto anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 9 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoto anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Nome do centro





ANEXO II

Equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

| | Sistema actual | | Sistemas educativos anteriores | | | | |
|-------------------------------|---|---|--|---|--|---|---|
| Ámbitos exentos | Materias de educación secundaria obrigatoria de 4º de ESO (Decreto 86/2015, do 25 de xuño) | Módulos dos ciclos da formación profesional básica definidos pola Lei orgánica 8/2013 | Materias de educación secundaria obrigatoria 4º de ESO (Decreto 133/2007, do 5 de xullo) | Materias e ámbitos do programa de diversificación curricular de 4º de ESO (Orde do 30 de xullo de 2007) | 4º módulo (nivel II) dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas ou módulos voluntarios de PCPI | 4º módulo dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas, currículo LOXSE | Materias de 2º curso de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto) |
| Ámbito de comunicación | Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Primeira ou segunda Lingua Estranxeira | Módulo de Comunicación e Sociedade II | Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Primeira ou segunda Lingua Estranxeira | Ámbito lingüístico-social e a materia de Lingua Estranxeira | Comunicación | Comunicación | Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, e Lingua Estranxeira |
| Ámbito social | Xeografía e Historia | Módulo de Comunicación e Sociedade II | Ciencias Sociais, Xeografía e Historia | Ámbito lingüístico-social | Científico-tecnolóxico | Ámbito tecnolóxico-matemático Ámbito da natureza | Matemáticas, e Física e Química |
| Ámbito científico tecnolóxico | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía (no caso de non ter cursado algunha das seguintes materias deberá ter superada a materia do terceiro curso) | Módulo de Ciencias Aplicadas II | Matemáticas e, polo menos, dúas materias das seguintes: – Tecnoloxía – Bioloxía e Xeoloxía – Física e Química | Ámbito científico-técnico e a materia de Tecnoloxía | Social | Da sociedade | Xeografía Humana e Historia |



ANEXO III

Don/Doña.....
Don/Dona

Como secretario/a del tribunal de las pruebas libres para la
Como secretario/a do tribunal das probas libres para a
obtención del título de graduado en educación secundaria obligatoria, realizada en el
obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, realizada no
centro de,
centro de,
el día de de 2018.
o día de de 2018.

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de estas pruebas,
CERTIFICO QUE, consonte o que figura nas actas destas probas,

Don/Doña.....
Don/Dona

con DNI número..... ha obtenido las siguientes calificaciones:
con DNI número..... obtivo as seguintes cualificacións:

ÁMBITO DE LA COMUNICACIÓN _____
ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓGICO _____
ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

ÁMBITO SOCIAL _____
ÁMBITO SOCIAL

A la vista de estos resultados, el/la aspirante (ha sido/no ha sido) propuesto para la obtención del
Á vista destes resultados, o/a aspirante (foi/non foi) proposto para a obtención do
título de graduado en educación secundaria.

título de graduado en educación secundaria.

..... de de 2018.

Vº Bº El/la presidente/a (sello del centro) El/la secretario/a
Vº e praxe O/a presidente/a (selo do centro) O/a secretario/a

Fdo. Fdo.
Asdo. Asdo.



ANEXO IV**Probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos**

FICHA DE ESTATÍSTICA. Centro: Localidade Provincia

Data de realización da proba: de de 2018.

Número total de aspirantes inscritos/as

Número total de aspirantes presentados/as

Número total de aspirantes propostos/as para título

1. NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS/AS, SEGUNDO IDADE E SEXO

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MAIS de 64 |
|----------|--------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|------------|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

2. PERSOAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, SEGUNDO IDADE E SEXO

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MAIS de 64 |
|----------|--------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|------------|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

3. NÚMERO TOTAL DE ASPIRANTES PRESENTADOS/AS QUE SE PROPOÑEN PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

| ANOS | ATA 19 | 20 A 25 | 26 A 30 | 31 A 35 | 36 A 44 | 45 A 54 | 55 A 64 | MAIS de 64 |
|----------|--------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|------------|
| HOMES | | | | | | | | |
| MULLERES | | | | | | | | |
| TOTAL | | | | | | | | |

Asdo.:

